

A Asociación de Escritores decide mañá o mellor do ano na Cea das Letras

>> Antonio Gamoneda recibirá o título de Escritor Galego Universal

>> Calveiro, Teresa Moure, Aleixandre, Iago Martínez ou Rivas son algúns dos finalistas nas distintas categorías.

Os socios e socias da AELG xa escolleron as obras editadas en 2010 gañadoras nas modalidades de ensaio, poesía, narrativa, tradución, teatro, blog literario, literatura infanto-xuvenil e traxectoria xornalística. Nestes dous últimos casos tamén participaron na elección os asociados de Gálix e os membros do Colexio de Xornalistas respectivamente. As obras gañadoras daranse a coñecer na Cea das Letras, un dos actos máis importantes na vida da Asociación de Escritores en Lingua Galega, que terá lugar mañá sábado 30 de abril no hotel Porta do Camiño de Santiago de Compostela.

No apartado de ensaio, os finalistas son *A man que caligrafando pensa: do plástico-escritural e da manuscrita novoneyriana*, de Carlos Paulo Martínez Pereiro; *Elucidacións na sombra. Análise e interpretación de dúas pezas de Carvalho Calero*, de Manuel Castelao, *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo*, de María Pilar García Negro.

O premio á mellor obra narrativa decidírase entre *O coitelo en novembro*, de Marilar Aleixandre; *Obediencia*, de Antón Lopo; *Periferia*, de Iolanda Zúñiga, *Settecento*, de Marcos Calveiro; *Todo é silencio*, de Manuel Rivas, e *Xuvia-Neda*, de Vicente Araguas. O galardón poético podería distinguir a *Bater de sombras*, de Francisco X. Fernández Naval; *Estremas*, de Ana Romaní, ou *Retro(visor)*, de Antía Otero.

Os finalistas ao premio teatral son *Canibalismo*, de Marcos Abalde Covelo; *Cínicas*, de Teresa Moure, e *Flores de Dunsinane*, de Manuel Lourenzo. O premio a tradución podería ser para *Bilbao-New York-Bilbao* (Kirmen Uribe), na versión de Isaac Xubín; *Lóbreco Romance. Pálida Pantasma. As Lendas Espectrais de Malvadia* (Jack Mircala), por Isabel Soto, e *Randea do alento* (Herta Müller), de Marga do Val. O Premio á obra narrativa infantil e xuvenil terá que decidirse entre *Contos para nenos que dormen deseguida*, de Pinto & Chinto; *O pintor do sombreiro de malvas*, de Marcos Calveiro; *O segredo de Marco Polo*, de Francisco Castro, e *Suso Espada. "Nota Roja"*, de Francisco X. Fernández Naval.

Por último, o galardón que organiza a AELG xunto ao Colexio de Xornalistas que pretende distinguir a traxectoria xornalística en materia cultural do ano decidírase entre Ramón Nicolás, Anxo Tarrío, Fran P. Lorenzo, Daniel Salgado e Iago Martínez, xefe de cultura de Xornal de Galicia.

No acto distinguírase a Penzol como Institución Cultural e a Antonio Gamoneda